Ánimo familias! xa vai unha semana menos. Facede o que poidades e non vos preocupedes se non vos da tempo a facer todas as actividades da semana, entendo que é difícil traballar así. Podedes adaptar todas as propostas segundo as vosas posibilidades.

1. Que día é hoxe?: non esquezades poner a data aos traballos que vaiades facendo.
2. Fago algo divertido: esta semana invítanos a facer algo divertido… Enzo!. Se queredes podedes enviar un audio coa vosa experiencia ao grupo. Envío audio ao grupo.
3. Hora de ler con…: Gonzalo e a súa familia! Lembrade facer un debuxo do seu conto co seu nome e o título. Envío vídeo ao grupo.
4. Educación vial: eleximos unha sinal de tráfico, debuxámola nunha folla e escribimos debaixo para que serve. Enviádeme foto ao meu número.
5. Máquina de sumar: xa sei que moitos de vos xa puxéstedes en fucnionamento a vosa máquina de sumar. Agora vouvos propoñer eu unhas sumas para que as fagades. Ao rematar tedes que facer "ourizos de mar" con cada resultado. A ver que me explico, facemos estas sumas na máquina, as escribimos nunha folla co seu resultado e enviades unha foto:

   3+6= 5+3= 4+8= 7+6= 9+2= 8+6=

   Despois facemos seis bolas coa plastilina caseira e en cada "ourizo" cravamos tantos palillos, paus ou anacos de spaguetti como indicada cada resultado, entendedes?. Envío foto de exemplo ao grupo.

6. Xogo de mímica. Papás, mamás ou irmáns teredes que representar mediante xestos e movementos as profesións e animais que vos envío ao grupo para que os vosos fillos/as adiviñen de quen se trata (non é necesario que fagades todos). Depois terán que escribir nunha folla as respostas e me enviades unha foto.
7. Desafío: envío foto ao grupo.
8. Taller de cociña con Valeria M. e a súa familia! Que vos parece seguir co taller de cociña que facíamos no cole pero na casa? Esta semana foi Valeria M. a que quixo compartir con vos unha sinxela receita da que disfrutan todos os domingos en familia. Durante os próximos 15 días podedes facela vos na casa e despois escribiredes a receita como fixo Valeria para facer un recetario conxunto coas receitas que temos no cole.

   Os que tedes poucos datos no móvil ou mala conexión de internet, non fai falta que miredes os vídeos, xa que tardarán moito en descargar, podedes facer a receita a partir da folla que escribiu Valeria. (envío ao grupo a receita escrita e os vídeos explicativos).

   Moitas gracias Valeria M. e a sua familia polo esforzo!